

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 23 de abril de 2021 pola que se modifica a Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (códigos de procedemento MR651A e MR651B).

A Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (códigos de procedemento MR651A e MR651B), fixa como prazo máximo para o remate e a xustificación dos traballos o 30 de abril de 2021.

No entanto, o impacto sen precedentes ocasionado pola pandemia da COVID-19 provocou a declaración da emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga), polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, e que para todo o territorio nacional o Goberno decretara o estado de alarma a través do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, que na súa disposición adicional terceira estableceu a suspensión dos prazos administrativos. A devandita suspensión de prazos ocasionou atrasos na resolución das axudas e, por tanto, dificultou a execución dos traballos subvencionados.

Por outra banda, os traballos que recolle a orde localízanse en terreos forestais, en moitos casos de difícil acceso; e hai que sumar a todo o anterior as condicións meteorolóxicas existentes durante o inverno, que dificultaron excesivamente a normal execución destes labores. Así, durante os meses de outubro e decembro de 2020, e xaneiro e febreiro de 2021, as precipitacións rexistradas na Comunidade superaron considerablemente a media dos últimos anos, segundo revelan os informes meteorolóxicos mensuais publicados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



Consecuentemente con todo o anterior, esta consellería, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación da Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (códigos de procedemento MR651A e MR651B)

A Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (códigos de procedemento MR651A e MR651B), queda modificada como segue:

O número 2 do artigo 20 queda redactado como segue:

2. O prazo máximo para o remate e a xustificación dos traballos finaliza o 31 de maio de 2021.

Disposición derradeira única

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2021

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

